



## Concello de Mazaricos

---

### ANUNCIO

*Asunto: Aprobación inicial da desafectación do CEIP Pino de Val do servizo público do ensino.*

O Pleno do Concello de Mazaricos, en sesión extraordinaria do día 23 de febreiro de 2022, acordou aprobar inicialmente a mutación demanial obxectiva da edificación e recinto do CEIP Pino de Val, con desafectación do inmovible referido do servizo público do ensino e simultánea afectación a un uso socioasistencial, de carácter local, para a creación de un centro de día e/ou residencia para maiores nun futuro.

De conformidade co artigo 269 da Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia e 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de Xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bienes de las Entidades Locales, o expediente queda sometido a información pública por prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de A Coruña*, no taboleiro de anuncios e na web municipal ([www.mazaricos.gal](http://www.mazaricos.gal)) e sede electrónica do Concello, durante este prazo os interesados poderán presentar as alegacións ou reclamacións que estimen oportunas.

En Mazaricos, a 24 de febreiro de 2022

O ALCALDE

Asdo. Juan J. Blanco Ribeiro